



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

---Documento: **ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 14 DE SETEMBRO DE 2009**

---Contrato: **OBRAS DE "REPOSICIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN NA RÚA SERAFÍN PAZO, ZONA CAÑO SIFÓN".**

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **16 DE SETEMBRO DE 2009**

Visto o expediente tramitado, de contratación da obra se "Reposición dun muro de contención na rúa Serafín Pazo, zona Caño Sifón".

Visto que, dentro de prazo, presentaron solicitudes de partición TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P., S.L.; CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., e COVSA.

Vista a documentación administrativa aportada polos licitadores.

Vistas as ofertas realizadas polos licitadores.

Visto que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a efectuada pola empresa Transportes y Maquinaria C.P., S.L., segundo valoración efectuada.

Visto o informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal de data 14-09-09.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 20/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "REPOSICIÓN DUN MURO DE CONTENCIÓN NA RÚA SERAFÍN PAZO, ZONA CAÑO SIFÓN", por importe de 86.200,00 euros, á empresa TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.PL., S.L. con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Certificacións acreditativas de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación definitiva.

3º.- Notificar o presente Acordo ao adxudicatario e publicar a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 16 de setembro de 2009.  
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.